

PROGRAMA DE ENSINO EN GALEGO NO BIERZO E SANABRIA

Dende o curso 2001/02, en varios centros educativos do Bierzo véñse desenvolvendo o **PROGRAMA DE ENSINO EN GALEGO NO BIERZO E SANABRIA**, o que permite que os alumnos e alumnas que o desexen poidan aprender o idioma galego. O 30 de agosto de 2006 asinouse en Ponferrada o **PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A COMUNIDADE DE CASTELA E LEÓN PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NOS TERRITORIOS LIMÍTROFES DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS (O BIERZO E SANABRIA)**, que lle dá continuidade ao dito programa.

En que consiste?

En educación primaria, consiste en estudar as materias de Coñecemento do medio ou de Educación plástica en galego, unha hora á semana, seguindo os mesmos contidos que os alumnos que só estudan en castelán.

En educación secundaria, estúdase Ciencias sociais en galego en toda a ESO, tamén cos mesmos contidos que os alumnos que estudan en castelán.

Ademais, existe a materia optativa de Lingua e cultura galega en 4.º de ESO e en 1.º e 2.º de bacharelato. Cursala é imprescindible para obter os títulos que outorga a Xunta de Galicia.

Quen pode participar?

Calquera alumno ou alumna cuxos pais así o autoricen, aínda que non estudase o curso anterior. Igualmente, un alumno pode abandonar o programa o curso seguinte, se o desexa.

Como apuntarse?

Hai que cubrir a autorización que vén no sobre de matrícula e entregala no centro onde se vai estudar o novo curso.

Onde se pode estudar?

Nos seguintes centros de infantil e primaria:

CEIP Compostilla, de Ponferrada; CEIP Jesús Maestro, de Ponferrada; CEIP Valentín García Yebra, de Ponferrada; CEIP María L. Ucida Gavilanes, de Toral de los Vados; CEIP San Lorenzo de Brindis, de Villafranca del Bierzo; C.E.I.P. Virgen de la Quinta Angustia, de Cacabelos; CEIP Virgen del Carmen, de La Placa, Ponferrada; CRA de Carucedo; CRA de Puente de Domingo Flórez; CRA de Toral de Merayo; CRA Jimena Muñiz, de Corullón.

No seguintes centros de secundaria:

IES Bergidum Flavium, de Cacabelos; IES Padre Sarmiento, de Villafranca del Bierzo; IES Europa, de Ponferrada; IES Virgen de la Encina, de Ponferrada.

Que utilidade ten?

Ademais de conservar unha parte importante do patrimonio berciano que non debería perderse, aos alumnos e alumnas que completen o programa na ESO, a Xunta de Galicia recoñeceralles un nivel **Celga 2** de coñecemento de galego e aos alumnos que o completen en bacharelato recoñeceralles un nivel **Celga 3**.

Os títulos Celga son os esixidos para acreditar o coñecemento do idioma galego (en diferentes niveis) á hora de presentarse a unhas oposicións en Galicia.

Hai moitas vantaxes en saber galego!

A continuación, ofrécense algúns exemplos de traballos para os que piden acreditar o coñecemento do idioma galego en Galicia, en caso de querer traballar para a Xunta, concellos, Televisión Galega e Radio Galega, colexios, hospitais, residencias da terceira idade, etc.):

Mestre/a ou profesor/a, en colexios públicos ou privados; administrativo, conserxe ou calquera outro empregado da Administración pública galega; rexistrador/a mercantil ou da propiedade; periodista; médico/a; enfermeiro/a, celador/a, administrativo/a ou calquera outro empregado da sanidade pública galega; veterinario/a; axente forestal; policía local; xardineiro/a; cocifeiro/a; secretario/a; perruqueiro/a; chofer; técnico de mantemento (de vehículos, de instalacións, etc.); bombeiro/a; avogado/a, xuíz/a, fiscal, axente xudicial, administrativo en xulgados ou calquera outro traballo na Administración de Xustiza en Galicia; notario/a; asistente social; guía de turismo; técnico en atención socio-sanitaria; técnico superior en documentación sanitaria; técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico; técnico superior de radioterapia; servizo de limpeza; e moitos outros traballos privados que esixan un contacto directo cos cidadáns: empregado de banca, monitor de tempo libre, puericultor, etc.

Ademais, hai que ter en conta que o **galego está moi próximo ao portugués** (que, segundo a ONU, dentro de 15 anos terá máis falantes que o alemán e o francés xuntos), por iso en diversos países de Europa hai galego-falantes que encontran traballo en empresas con intereses en Portugal, e sobre todo en Brasil, que se está convertendo nunha potencia económica.

O galego é, pois, un idioma que **che serve para comunicarte con 360 millóns de persoas de fala portuguesa**, de países como Brasil, Portugal, Angola, Mozambique, Cabo Verde, etc., que ofrecen interesantes oportunidades de negocio para moitas empresas.

Lembra, Galicia está aí ao lado!, Portugal tamén! Cada vez hai máis empresas españolas e europeas con intereses en Brasil...!